



TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO TALES SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local, por “distribución de auga, gas, electricidade, e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalación análogas, cando tales servizos ou subministros sexan prestado por entidades locais”, que se rexerá pola presente Ordenanza, as normas das cales atenden ó previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4.t), ámbolos dous da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento da taxa, regulada nesta Ordenanza, quen se beneficie dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3.- Contía

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte:
2. As tarifas desta Taxa serán as seguintes:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Uso Doméstico e Comercial

	Tarifa
Cota Fixa	6,00 Eur/Bim
Menos de 10 m³ bimestre	0,05 Eur/m³
Dende 10 a 25 m³ bimestre	0,20 Eur/m³
Dende 25 a 50 m³ bimestre	0,60 Eur/m³
Máis de 50 m³ bimestre	0,90 Eur/m³

Uso Industrial

	Tarifa
Cota Fixa	6,00 Eur/Bim
Menos de 10 m³ bimestre	0,10 Eur/m³
Dende 10 a 50 m³ bimestre	0,30 Eur/m³
Máis de 50 m³ bimestre	0,54 Eur/m³

Mantemento de contador e acometida:

Ata 15 mm	0,60 Euros/bimestre
De 18 a 25 mm	0,71 Euros/bimestre
Máis de 25 mm	1,08 Euros/bimestre

A lectura será a 60 días.

Artigo 4.- Devengo de taxas

1. A taxa devengarase bimestralmente, sendo irreducibles as cotas mínimas das tarifas do artigo anterior, calquera que sexa a data en cada bimestre natural. No caso de presuntos beneficiarios clandestinos, o devengo producirase no momento de seren descubertos e desde que se presuma que comezou a utilización ilegal do servizo, todo iso á marxe da responsabilidade a que houbese lugar.

2. A recadación terá lugar por recibo no caso de que así se acordase, poderá incluírse a doutras exaccións municipais por prestación de servizos, tal como a recollida domiciliaria de lixo, rede de sumidoiros..., expedíndose nos recibos os conceptos separadamente por bimestre.

3. Transcorridos 15 días desde a data do intento de cobro a domicilio ou na entidade na que se domiciliase o pagamento, no seu caso, desde a notificación ó contribuínte, a Alcaldía acordará a súa continuación pola vía de constrinximento, sen prexuízo do posible corte de subministro, de acordo á regulamentación do servizo.

Artigo 5.- Defraudación e penalidade

1. Considérase defraudación a utilización do servizo sen a previa formalización do correspondente contrato de subministro, a cal será sancionada con cantidades equivalentes ao duplo das cotas deixadas de percibir pola Administración, que serán esixidas con independencia as unhas das outras.

2. O uso da auga para regar sementados, cultivos e plantacións, merecerá, en todo caso, a conceptualización de defraudación e será sancionada con multa na contía



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

máxima que en cada caso permitan as leis impor á Alcaldía, e sen prexuízo da aplicación doutros preceptos desta Ordenanza e dos correspondentes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, incluso, en caso de reincidencia, corte do servizo.

Disposición final

A modificación desta ordenanza, entrará en vigor unha vez publicada no BOP, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

